



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## **PROCEDEMENTO PARA A ELECCIÓN DE REITOR/A DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

*(Aprobado pola Comisión Electoral en data 23-01-2014, e modificado o día 08/02/2018)*

### **DA ORGANIZACIÓN DAS ELECCIÓNS**

#### **Artigo 1**

O reitor/a será elixido pola comunidade universitaria mediante elección directa e sufraxio universal libre e secreto, por un período de catro anos e con posibilidade dunha soa reelección, entre os catedráticos/as de universidade en activo que presten os seus servizos na Universidade de Vigo. Será nomeado polo órgano competente da Xunta de Galicia.

#### **Artigo 2**

O voto será ponderado por sectores, e corresponderalle ao profesorado doutor con vinculación permanente á universidade o 51%, ao resto do persoal docente e investigador o 9%, aos estudantes o 30% e ao persoal de administración e servizos o 10%. A ponderación farase sobre o total de votos a candidaturas validamente emitidos.

#### **Artigo 3**

Será proclamado reitor/a, en primeira volta, o candidato/a que acade o apoio proporcional de máis da metade dos votos a candidaturas validamente emitidos, unha vez feitas e aplicadas as ponderacións correspondentes. Para o devandito cómputo non se terán en conta os votos en branco.

#### **Artigo 4**

Se ningún candidato/a acada o apoio necesario para ser elixido en primeira volta, procederase a unha segunda elección á que só poderán concorrer os dous candidatos/as que tiveran máis votos ponderados na primeira volta. Nesta segunda volta será proclamado reitor/a o candidato/a que obteña máis votos ponderados.

#### **Artigo 5**

No caso de non presentarse candidatos/as á elección de reitor/a que cumpran os requisitos esixidos, ou non poder ser proclamado electo ningún dos candidatos/as, continuará en funcións o anterior titular, que deberá convocar de novo a elección de reitor/a no prazo de tres meses.

#### **Artigo 6**

1. Correspóndelle á Comisión Electoral regular a elección do reitor/a, debendo elaborar o calendario, censo e procedemento electoral da mesma. É, ademais, o órgano competente para coñecer e resolver todos os problemas e dúbidas que se poidan presentar nestas eleccións.
2. Toda a documentación electoral remitida pola Comisión Electoral aos centros deberá enviarse, na medida en que sexa posible, en formato electrónico.

#### **Artigo 7**

1. A Comisión Electoral estará composta por:
  - a) Un vicerreitor ou vicerreitora nomeado polo reitor, que a presidirá.

b) O secretario/a xeral da universidade, a efectos de fedatario con voz e sen voto, que será o seu secretario/a.

c) Doce membros elixidos polo Claustro, dos que tres serán do profesorado doutor con vinculación permanente á universidade, tres doutro persoal docente e investigador, tres do alumnado e tres membros do persoal de administración e servizos.

2. Os membros da Comisión Electoral serán elixidos polos claustrais do respectivo sector por un período de catro anos, agás o alumnado, que o será por dous.

### **Artigo 8**

1. O censo electoral de cada sector estará exposto no taboleiro electoral do centro respectivo.

2. A Comisión Electoral establecerá para cada elección o prazo de reclamacións sobre admisións ou exclusións, que non poderá ser inferior a cinco días hábiles a partir da data da súa publicación.

3. As reclamacións formularanse perante a Comisión Electoral, mediante escrito razoado dirixido á presidencia e entregado no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares ou por vía telemática. A Secretaría Xeral comunicará o procedemento no momento de publicar os censos provisionais.

4. As resolucións da Comisión Electoral sobre as reclamacións ao censo serán notificadas directamente ás persoas interesadas, e en contra delas non caberá a súa revisión.

5. Os censos electorais definitivos faranse públicos inmediatamente despois do remate do período de reclamacións e, cando menos, dez días hábiles antes da data das eleccións.

6. Exceptúase da elección á Reitor/a, o alumnado de centros adscritos á Universidade.

### **Artigo 9**

1. A emisión de voto será directa e secreta.

2. O dereito de sufraxio é persoal e intransferible.

3. Non se permitirá en ningún caso nin a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.

### **Artigo 10**

1. Para ser elector/a en cada sector deberán cumprirse os mesmos requisitos esixidos para as eleccións a membros do Claustro Universitario.

2. Ningunha persoa poderá ter a condición de elector/a en dous ou máis sectores de representación distintos, nin dentro dun sector en dúas ou máis circunscricións electorais. As persoas que estean na situación anterior deberán, durante o período de reclamacións ao censo electoral, presentar escrito optando polo sector e circunscrición no que desexen participar na votación. En caso de non haber escrito, a Comisión Electoral fará a adscrición prevalecendo o sector de persoal de administración e servizos sobre os restantes, e o sector de profesorado doutor con vinculación permanente ou o sector do resto de persoal docente e investigador sobre o sector de estudantes.

3. No caso de simultaneidade de estudos, os estudantes deberán, durante o período de reclamacións ao censo electoral, presentar escrito optando por un dos centros onde realice os seus estudos. No caso de non facelo, a Comisión Electoral fará a adscrición, tendo en conta o número de créditos dos que estea matriculado, ao centro onde se imparta a titulación na que estea matriculado no maior número de créditos.

4. O persoal docente e investigador sen tarefas docentes asignadas no POD exercerá os seus dereitos no centro onde impartiu a súa docencia no último curso que tivo asignadas tarefas docentes.

## CONVOCATORIA DE ELECCIÓN

### Artigo 11

As eleccións a reitor/a serán convocadas polo reitor/a coa debida antelación para que teñan lugar antes da finalización do seu mandato. De non facelo así, serán convocadas pola Comisión Electoral.

### Artigo 12

1. De conformidade co artigo 36 (apartados 1 e 3) dos Estatutos, o Claustro poderá acordar con carácter extraordinario a convocatoria de eleccións a reitor/a a iniciativa dun terzo dos seus membros e coa aprobación de dous terzos da totalidade dos compoñentes do mesmo.

### Artigo 13

1. A convocatoria das eleccións a reitor/a deberá conter polo menos as seguintes indicacións:

- a) data de exposición pública do censo electoral
- b) prazo de reclamacións ao censo
- c) data de publicación do censo definitivo
- d) prazo de presentación de candidaturas
- e) data de proclamación provisional de candidatos/as
- f) prazo de presentación de reclamacións á proclamación provisional de candidatos/as
- g) data de proclamación definitiva dos candidatos/as
- h) prazo de celebración da campaña electoral e data da xornada de reflexión
- i) data de votación
- k) data de proclamación provisional de candidato/a electo ou, de ser o caso, de candidatos/as para concorrer á segunda volta
- l) prazo de presentación de reclamacións á proclamación provisional do candidato/a electo ou de candidatos/as para concorrer á segunda volta.
- m) data de proclamación definitiva de candidato/a electo ou de candidatos/as para concorrer á segunda volta
- n) data de votación en segunda volta, se fose necesaria
- o) data de proclamación provisional de candidato/a electo en segunda volta, se fose necesaria
- p) prazo de presentación de reclamacións á proclamación provisional do candidato/a electo en segunda volta, se fose necesaria
- q) data de proclamación definitiva do candidato/a electo en segunda volta, se fose necesaria.

2. A convocatoria farase pública no taboleiro electoral de todos os centros e dependencias universitarias.

3. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas pola Comisión Electoral, as eleccións a reitor/a deberán ser convocadas unha vez finalizado o prazo ordinario de matrícula do curso correspondente, e as votacións deberán ter lugar en días lectivos.

## PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS/AS

### Artigo 14

1. Poderán presentar a súa candidatura as persoas que ostenten a condición de elixibles conforme ao establecido no artigo 1.

2. As candidaturas presentaranse no rexistro xeral ou nos rexistros auxiliares de Ourense, Pontevedra e Vigo, en días hábiles de 9 a 14 horas, mediante escrito dirixido ao presidente/a da Comisión Electoral no prazo establecido no calendario elaborado pola devandita comisión.

3. As candidaturas presentadas non poderán ser obxecto de modificación unha vez rematado o prazo de presentación das mesmas, agás por renuncia do candidato/a.

4. O escrito de presentación de cada candidatura, que ten carácter persoal e estará asinado polo interesado/a, deberá conter como mínimo os seguintes datos: nome e apelidos do candidato/a e o número do documento nacional de identidade.

5. As candidaturas serán individuais para os efectos de presentación, votación e escrutinio.

### **Artigo 15**

1. A Comisión Electoral, transcorrido o prazo de presentación de candidaturas, efectuará a proclamación provisional de candidatos/as, que se fará pública no taboleiro de anuncios dos centros e dependencias universitarias e na páxina web da Universidade.

2. Transcorrido o prazo de reclamacións establecido no calendario electoral, a Comisión Electoral fará pública a proclamación definitiva de candidaturas. As reclamacións formularanse perante a Comisión Electoral, mediante escrito razoado dirixido á presidencia e entregado no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares ou por vía telemática. A Secretaría Xeral comunicará o procedemento no momento de publicar os censos provisionais.

### **Artigo 16**

Os candidatos/as unha vez proclamados poderán propor, ata oito días naturais antes da data de votación, o nomeamento dun interventor/a, por cada mesa electoral e sector, que debe ter a condición de elector/a na mesma. As propostas irán dirixidas ao presidente/a da Comisión Electoral. A Comisión Electoral estenderá, se procede, a credencial correspondente, que será presentada ao presidente/a da mesa electoral.

## **CAMPAÑA ELECTORAL**

### **Artigo 17**

1. O equipo de cada candidato/a e as liñas xerais do programa deben ser coñecidos antes do inicio da campaña electoral. Presentaranse no rexistro xeral ou nos rexistros auxiliares de Ourense, Pontevedra e Vigo, en días hábiles de 9 a 14 horas.

2. A campaña electoral comprenderá aquelas actividades desenvolvidas polos candidatos/as proclamados, en orde á captación de sufraxios nos centros e dependencias da Universidade.

3. Os decanos/as e directores/as das mencionadas dependencias darán as facilidades pertinentes, sen que iso supoña suspensión das actividades ordinarias.

## **MESAS ELECTORAIS**

### **Artigo 18**

A Comisión Electoral determinará, á vista do número de electores/as, o número e a colocación de mesas electorais. En todo caso, haberá unha mesa electoral na Reitoría na que votarán alomenos os electores/as do sector de persoal de administración e servizos que desempeñen as súas funcións nese edificio.

### **Artigo 19**

Haberá en cada centro unha Xunta Electoral que se responsabilizará de todas aquelas competencias que lle atribua este regulamento. A Xunta Electoral do Centro está composta por:

- a) O decano/a ou director/a do centro, que a preside.
- b) O secretario/a do centro, que actúa como secretario/a da mesma.
- c) Un membro do persoal docente e investigador, outro do persoal de administración e servizos e un estudante, designados por sorteo público, así como os seus suplentes.

## **Artigo 20**

1. Cada mesa electoral estará composta por un membro de cada un dos catro sectores electorais que figuran no artigo 2, designado por sorteo público realizado pola Xunta Electoral do centro de entre os que figuran no respectivo censo electoral. O membro do PAS será sorteado entre todo o persoal de administración e servizos ao que lle corresponda votar na mesa dese centro. O seu presidente/a será o correspondente ao sector de profesorado doutor con vinculación permanente á universidade. Cada membro da mesa terá o seu suplente, designado do mesmo xeito que o titular. No momento da constitución da mesa electoral, os seus membros elixirán o que deba actuar como secretario/a, reflectíndose esta circunstancia na acta de constitución.
2. A mesa electoral da Reitoría estará integrada por tres membros do sector de persoal de administración e servizos aos que lle corresponda votar nesta mesa, designados por sorteo pola Comisión Electoral. Cada membro da mesa terá o seu suplente. O presidente/a será o máis antigo da mesa. No momento da constitución da mesa electoral, os seus membros elixirán ao que deba actuar como secretario/a, reflectíndose esta circunstancia na acta de constitución.
3. Quedan excluídos de formar parte de calquera mesa electoral os membros da Comisión Electoral.

## **Artigo 21**

1. A Xunta Electoral do centro nomeará a todos os membros das mesas electorais aos que se lles notificará individualmente a súa designación e o comunicará á Comisión Electoral aos efectos de tramitar, no seu caso, as dietas correspondentes. A composición de cada unha das mesas electorais farase pública en cada circunscrición electoral.
2. A Comisión Electoral expedirá a credencial aos interventores/as. Non poden ser nomeados interventores/as os membros dunha mesa electoral.
3. A condición de membro dunha mesa electoral é obrigatorio para os nomeados. As causas xustificadas que impidan o seu exercicio serán estudadas pola Xunta Electoral.
4. A condición de membro dunha mesa electoral é incompatible coa de candidato/a proclamado e coa de interventor/a.
5. A mesma mesa electoral actuará nas eleccións a representantes do Claustro e do Reitor.

## **Artigo 22**

1. O día da votación presentaranse no lugar de votación ás 9 horas todos os membros titulares e suplentes das mesas electorais, quedando validamente constituídas coa presenza de todos os membros, sexan titulares ou suplentes. No caso de que non houberse suficiente número de membros para constituír unha mesa, tal circunstancia será comunicada á Xunta Electoral, que procederá de inmediato á designación dos membros necesarios polo sistema que se estime máis efectivo. Durante a xornada de votación, a mesa poderá actuar con dous membros, sempre que un deles sexa o presidente/a ou o secretario/a.
2. As mesas electorais estarán abertas de 10 a 19 horas.

## **Artigo 23**

1. Á hora sinalada no artigo anterior, o presidente/a da mesa electoral estenderá a acta de constitución, asinada polo mesmo, o vogal, o secretario/a e o interventor/a ou interventores/as que o soliciten.
2. Na acta indícarase o nome de todos os membros, facendo constar en quen recae a función de secretario/a, e respecto dos interventores/as, a súa relación nominal con indicación da candidatura pola que o sexan.

## A VOTACIÓN

### Artigo 24

1. O dereito a votar acreditarase pola inscrición nos exemplares certificados das listas do censo.
2. O elector/a identificarase ante a mesa electoral co DNI, pasaporte, carné de conducir ou documento identificativo normalizado da Universidade de Vigo.
3. A mesa comprobará a súa inclusión no censo electoral e deseguido admitirá o seu voto na urna.
4. Os membros da mesa votarán en último lugar.

### Artigo 25

1. As papeletas de votación serán impresas. A secretaría xeral facilitará aos Decanos/as e Directores/as dos centros as papeletas de votación e os sobres correspondentes, así como as actas de escrutinio, agás no caso da Reitoría que serán facilitadas ao Presidente/a da mesa electoral. Os Decanos/as e Directores/as entregarán dita documentación aos presidentes/as das mesas electorais.
2. Haberá unha papeleta por candidato/a. Cada elector/a só poderá dar o seu voto a un candidato/a ou votar en branco. Os sobres sen papeletas computaranse como votos en branco.

### Artigo 26

Os interventores/as poderán facer as alegacións que coiden convenientes e que recollerá o secretario/a da mesa coa sinatura de ambos os dous.

## ESCRUTINIO

### Artigo 27

1. Rematada a votación, o presidente/a da mesa declarará iniciado o acto de escrutinio, que será público.
2. Finalizado o escrutinio, os resultados faranse constar nunha acta na que se especificará, para cada sector, o número de votantes, o número de papeletas nulas e o número de papeletas válidas, distinguindo dentro destas os votos en branco e os votos obtidos por cada candidato/a.
3. Para cada sector electoral constarán por separado as abstencións e alegacións, se as houbera, dos interventores/as. Deseguido destruíranse as papeletas, agás aquelas sobre as que existiran alegacións, que se unirán á acta.
4. A acta asinarana os membros da mesa e mais os interventores/as. Un exemplar será publicado no taboleiro electoral do centro.
5. Rematado o escrutinio, os presidentes/as remitirán ao presidente/a da Comisión Electoral as actas de escrutinio. Comunicarán os resultados inmediatamente por fax ou escaneados por correo electrónico despois de realizar o escrutinio.

### Artigo 28

1. Recibidos os resultados de todas as mesas, calcularanse os coeficientes de ponderación que corresponda aplicar ao voto a candidaturas validamente emitidos en cada sector, co fin de darlle o valor correspondente segundo as porcentaxes fixadas nos Estatutos da Universidade de Vigo.
2. O coeficiente de ponderación de cada sector calcularase, con catro cifras decimais, como segue:

Coeficiente do sector de profesorado doutor con vinculación permanente á universidade =  $0,51 V/V_A$

Coeficiente do sector doutro persoal docente e investigador =  $0,09 V/V_B$

Coeficiente do sector de estudantes =  $0,30 V/V_C$

Coeficiente do sector de persoal de administración e servizos =  $0,10 V/V_D$

onde:

V = número total de votos válidos a candidaturas.

$V_A$  = número de votos válidos a candidaturas emitidos polo sector de profesorado doutor con vinculación permanente á universidade.

$V_B$  = número de votos válidos a candidaturas emitidos polo sector doutro persoal docente e investigador.

$V_C$  = número de votos válidos a candidaturas emitidos polo sector de estudantes.

$V_D$  = número de votos válidos a candidaturas emitidos polo sector de persoal de administración e servizos.

3. O número de votos ponderados correspondentes a cada candidatura en cada sector calcularase multiplicando o número de votos obtidos pola candidatura nese sector polo coeficiente de ponderación dese sector. O número de votos ponderados totais correspondentes a cada candidatura calcularanse sumando os votos ponderados desa candidatura en cada sector.

### **Artigo 29**

1. Unha vez calculados os votos ponderados totais correspondentes a cada candidatura, a Comisión Electoral procederá a proclamar provisionalmente ao reitor/a conforme o establecido no artigo 3.

2. Unha vez proclamados de xeito provisional os resultados, abrirase o prazo de presentación de reclamacións de acordo co calendario elaborado pola Comisión Electoral, a cal resolverá sobre as mesmas, proclamando definitivamente ao reitor/a.

3. Se ningún candidato/a a reitor/a obtén o apoio proporcional de máis da metade dos votos a candidaturas validamente emitidos procederase conforme o establecido no artigo 4.